

FÍSICA CUÁNTICA

1.- Un metal cuxo traballo de extracción é 4,25 eV, ilumínase con fotóns de 5,5 eV. ¿Cal é a enerxía cinética máxima dos fotoelectróns emitidos? a) 5,5 eV, b) 1,25 eV, c) 9,75 eV. **SET 2007**

2.- Da hipótese de De Broglie, dualidade onda-corpúsculo, derívase como consecuencia: a) que a enerxía total dunha partícula é $E = mc^2$; b) que as partículas en movemento poden mostrar comportamento ondulatorio; c) que se pode medir simultaneamente e con precisión ilimitada a posición e o momento dunha partícula. **XUÑO 2008**

3.- Prodúcese efecto fotoeléctrico cando fotóns máis enerxéticos que os visibles, por exemplo luz ultravioleta, inciden sobre a superficie limpa dun metal. ¿De que depende que haxa ou non emisión de electróns?: a) da intensidade da luz; b) da frecuencia da luz e da natureza do metal; c) só do tipo de metal. **SET 2008**

4.- Para producir efecto fotoeléctrico non se usa luz visible, senón ultravioleta, e isto é porque a luz UV: a) quenta máis a superficie metálica; b) ten maior frecuencia; c) ten maior lonxitude de onda. **SET 2009**

5.- A lonxitude de onda máxima, capaz de producir efecto fotoeléctrico nun metal, é 4500 Å: a) calcula o traballo de extracción; b) o potencial de freado se a luz incidente é de $\lambda = 4000 \text{ \AA}$; c) ¿habería efecto fotoeléctrico con luz de $5 \cdot 10^{14} \text{ Hz}$? (Datos: $q_e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $h = 6,63 \cdot 10^{-34} \text{ Js}$; $1\text{\AA} = 10^{-10} \text{ m}$; $c = 3 \cdot 10^8 \text{ ms}^{-1}$). **XUÑO 2010**

FÍSICA MODERNA

NUCLEAR

1.- Cál destas reaccións nucleares é posible: a) ${}_7^2\text{H} + {}_1^3\text{H} \rightarrow {}_2^4\text{He}$ b) ${}_{14}^7\text{N} + {}_2^4\text{He} \rightarrow {}_{17}^8\text{O} + {}_1^1\text{H}$

c) ${}_{92}^{235}\text{U} + {}_0^1\text{n} \rightarrow {}_{56}^{141}\text{Ba} + {}_{36}^{92}\text{Kr} + 2 {}_0^1\text{n}$

2.- Se un núcleo atómico emite unha partícula α e dúas partículas β , o seu número atómico: a) diminúe en dúas unidades, b) aumenta en dúas unidades, c) non varía. **XUÑO 2007**

3.- Un isótopo radiactivo ten un período de semidesintegración de 10 días. Se se parte de 200 gramos do isótopo, teranse 25 gramos despois de: a) 10 días; b) 30 días; c) 80 días. **XUÑO 2008**

4.- O ${}_{94}^{237}\text{Pu}$ desintégrase, emitindo partículas alfa, cun período de semidesintegración de 45,7 días. Os días que deben transcorrer para que a mostra inicial se reduza á oitava parte son: a) 365,6; b) 91,4; c) 137,1. **SET 2008**

5.- Nunha reacción nuclear de fisión: a) fúndense núcleos de elementos lixeiros (deuterio ou tritio); b) é sempre unha reacción espontánea; c) libérase grande cantidade de enerxía asociada ó defecto de masa. **XUÑO 2009**

6.- Se a vida media dun isótopo radioactivo é $5,8 \cdot 10^6 \text{ s}$, o período de semidesintegración é: a) $1,7 \cdot 10^5 \text{ s}$; b) $4,0 \cdot 10^6 \text{ s}$; c) $2,9 \cdot 10^5 \text{ s}$. **XUÑO 2009**

7.- ¿Cal das seguintes reaccións nucleares é correcta?:

a) ${}_{92}^{235}\text{U} + {}_0^1\text{n} \rightarrow {}_{56}^{141}\text{Ba} + {}_{36}^{92}\text{Kr} + 3 {}_0^1\text{n}$; b) ${}_{1}^2\text{H} + {}_{1}^3\text{H} \rightarrow {}_{2}^4\text{He} + 2 {}_0^1\text{n}$; c) ${}_{10}^5\text{B} + {}_0^1\text{n} \rightarrow {}_{7}^3\text{Li} + {}_{1}^2\text{H}$ **XUÑO 2010**

8.- Unha masa de átomos radioactivos tarda tres años en reducir a súa masa ó 90% da masa orixinal. ¿Cantos anos tardará en reducirse ó 81% da masa orixinal?: a) seis; b) más de nove; c) tres. **SET 2009**

9.- O Carbono 14 ten un período de semidesintegración $T = 5730 \text{ anos}$. Una mostra ten unha actividade de $6 \cdot 10^8 \text{ desintegracións/minuto}$. Calcula: a) a masa inicial da mostra; b) a súa actividade dentro de 5000 anos; c) explica por qué se usa este isótopo para estimar a idade de xacementos arqueolóxicos. (Dato $N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$; masa atómica do ${}^{14}\text{C} = 14 \text{ g} \cdot \text{mol}^{-1}$) **SET 2010**

10.- O ${}^{210}\text{Po}$ ten unha vida media $\tau = 199,09 \text{ días}$, calcula: a) o tempo necesario para que se desintegre o 70% dos átomos iniciais; b) os miligramos de ${}^{210}\text{Po}$ ó cabo de 2 anos se inicialmente había 100 mg. ($N_A = 6,02 \cdot 10^{23} \text{ mol}^{-1}$). **SET 2006**

11.- Nunha mostra de ${}_{53}^{131}\text{I}$ radioactivo cun período de semidesintegración de 8 días había inicialmente $1,2 \cdot 10^{21} \text{ átomos}$ e actualmente só hai $0,2 \cdot 10^{20}$. Calcula: a) a antigüidade da mostra; b) a actividade da mostra transcorridos 50 días dende o instante inicial. **XUÑO 2006**